

## **DOUS NOVOS SOPORTES DE ASAS DE SÍTULAS DE EPOCA ROMANA (\*)**

por LUIS XULIO CARBALLO ARCEO

Trátase de dar a coñecer neste breve artigo dous novos soportes de asas de sítulas procedentes, un do castelo de Penadominga, e outro de lugar descoñecido, que ofrecen unhas características moi peculiares, claramente comparáveis con outros exemplares de zonas da Península próximas.

1.- **Penadominga** (Quiroga, Lugo). Castro reocupado en época tardorromana, quizais como refúxio (1), no que foron recuperados importantes materiais, entre os que se encontra un soporte de asa en forma de mascarón, que a continuación se descreve:

— Soporte de asa de sítula, de bronce, conservado no Museo Provincial de Lugo. Anela circular con travesaño de meia cana e unha parte inferior en forma de mascarón. Diámetro exterior da anela: 2,7 cm., abertura do buraco da mesma: 1,1 cm. Longitude do travesaño: 5,5 cm. Anchura do mascarón: 5 cm. Altura de travesaño e mascarón: 5,9 cms. Grosor da peza: variável entre 0,3 e 1 cm. Tanto a anela como o travesaño son lisos, pero na prolongación inferior aparece representado un rostro humano de rasgos pouco marcados, rodeado dunha orla riscada que configura a barba, e duas protuberancias laterais á altura dos ollos, que, provavelmente, sinalan as orellas (Fig. 1 e lam. I). Non se observa por nengures buracos para remaches, polo que seguramente a peza iría soldada á parte superior da sítula. Na anela, obsérvanse os efectos do desgaste producido pola asa diametral como consecuencia do seu uso continuado. A través da curvatura do travesaño, calcúlase un diámetro duns 10 cm. para o borde do recipiente. Un debuxo da peza foi publicado nas Actas do Bimilenario de Lugo (2).

2.- Soporte conservado no Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía da Universidade de Santiago. Como se decía anteriormente, é de orixe descoñecida, e, incluso, puidera proceder de fora de Galiza.

— Soporte de asa de sítula, de bronce, composto de tres partes nitidamente diferenciadas: anela, travesaño e parte inferior. Anela de forma ultrasemicircular de 2,3 cm. de diámetro externo, cun ollal circular de 1 cm. de diámetro, desgastado

(\*) Quero agradecer ao Prof. Xosé M. Caamaño, do Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía da Universidade de Santiago, as orientacións dadas. Igualmente, ao director do Museo Provincial de Lugo, Felipe Arias, o meu recoñecemento polas facilidades concedidas para o estudo da peza de Penadominga.

(1) ARIAS VILAS, F. e CAVADA NIETO, M.: "Galicia Bajorromana". *Gallaecia*, nº 3-4. Santiago, 1979, páxs. 98 e 106.

(2) PALOL, Pedro de: "Problema ciudad-campo en el Bajo Imperio en relación a la ciudad de Lugo". *Actas del Coloquio Internacional sobre el Bimilenario de Lugo*. Lugo, 1977, fig. 2.

na parte superior polo uso. Travesaño de 7,4 cm. de longo, con sección angular dobrada para o interior, que se encontra decorado externamente por duas molduras lonxitudinais sulcadas por trazos cortos transversais, e remata por ambos extremos en duas protuberáncias semiesféricas. Parte inferior de 5 cm. de ancho e 4,9 cm. de alto, de forma subcircular, decorada cun disco radiado envolvendo a un rostro humano de nariz e boca saintes e de ollos sinalados por unhas pequenas cavidades (Lam. II). Non posue buracos para remaches, devendo ir soldado ao recipiente. Diámetro do borde da sítula calculado a través da curvatura do travesaño: uns 28 cm.

As duas pezas analizadas son, convolutamente con outra atopada no castro de San Millán (Ourense) (3), conservada no Museo Provincial de Ourense, e a de procedencia desconocida (Lam. III), estudiada por BOUZA BREY (4), as únicas conservadas en museus galegos. Os exemplares de Penadominga e do Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía da Universidade de Santiago, presentan unha tipoloxía moi definida, cunha ampla presencia noutras árees da Península e de Europa.

Ainda que os exemplares estudiados mostran certas peculiaridades con respecto a outros repartidos abundantemente por todo o territorio imperial romano (5), non se debe esquecer que, en esencia, responden a unha mesma concepción e caracterización dos recipientes metálicos. O soporte de asa aparecido en Penadominga pode compararse con un dos procedentes de Conímbriga (6), caracterizado por un travesaño apenas diferenciado, mentres que para o conservado no Departamento citado, se encontran paralelos en Torre dos Namorados (Fundao, Beira Baixa) (7), Conímbriga (8) e outros lugares da Península.

Os diversos tipos presentes en Conímbriga son datados nos séculos II e III d.C. Para o tipo comparável co exemplar do Departamento, DELGADO (9) apunta unha cronoloxía do s. II d.C., mentres que o semellante ao de Penadominga non é posíbel datalo con precisión. Non obstante, resulta interesante destacar que un soporte de asa en forma de mascarón aparecido na excavación da vila romana de La Olmeda (Pedrosa de la Vega, Palencia), ainda que de características diferentes

(3) LOPEZ CUEVILLAS, F. e TABOADA, J.: "Nuevas excavaciones en la Cidá do Castro de San Millán". *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XIII. Santiago, 1958, pax. 306.

(4) BOUZA BREY, F.: "Soporte de asa de sítula, en bronce". *C.E.G.*, tomo XXVIII. Santiago, 1973, páxs. 273-275.

(5) Véanse exemplares comparables aos aquí analizados en:  
BOESTERD, María H.P. den: *The Bronze Vessels in the Rijmuseum G.M. Kam at Nijmegen*. Nijmegen, 1956.

MOLIERE, J.C. et alii: "Dépot d'utensiles en bronze dans une faille de rocher". *Ogam*, tomo XIX, fasc. 3-4. Rennes, 1967, p. 181-188.

ROLLAND, H.: *Bronzes Antiques de Haute Provence*. XVIII Supplément a "Gallia". París, 1965.

(6) DELGADO, M.: "Elementos de sítulas de bronce de Conímbriga". *Conímbriga*, vol. IX. Coimbra, 1970, p. 24 e lám. II nº 4.

(7) MARQUES, G.: "O poco da estacao romana da Torre dos Namorados (Fundao)". *Conímbriga*, vol. VIII. Coimbra, 1969, lám. IX.

(8) DELGADO, op. cit.; páx. 17 e lám. I nº 1.

MOUTINHO ALARCAO, A e PONTE, S. da: "Trovailles diverses" in *Fouilles de Conimbriga*. VII. París, 1979, lám. XXXIX.

(9) DELGADO, op. cit., páx. 19.

aos aquí analizados, é datado por PALOL (10) no século IV d.C. ou comenzaos do V d.C.; e esta datación resulta máis apropiada para a peza de Penadominga, que apareceu en compañía doutros materiais tardorromanos.


Descoñécese a forma das sítulas a que irían asociadas os soportes de asa en estudo, se a un corpo bitroncocónico de carena meia-baixa, como se testemuñan en Torre dos Namorados e Mina do Fojo das Pombas (Beira Baixa) (11), ou ovoide, como parece ser o exemplar da vila de La Olmeda (Palencia) (12). Unicamente, se pode saber o modo de suxección dos soportes ao corpo do recipiente, que en ambos os dous casos se realizou por soldadura, como sucede nos exemplares de Conímbriga e Torre dos Namorados, por exemplo, ainda que tamén ali se encontre presente o sistema de remaches. Por último, cabería sinalar que serían fundidos en moldes bivalvos, se tomamos como referencia os lugares citados.

---


(10) PALOL, P. de: "Necrópolis hispanorromanas del siglo IV en el Valle del Duero, III. Los vasos y recipientes de bronce". *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, tomo XXXVI. Valladolid, 1970, pág. 222-223.

(11) MARQUES, op. cit., lám. XII.


(12) PALOL, op. cit., fig. 17.




**Soporte de asa de sítula de Penadominga (debuxo de L.G. Pacios)**



**Soporte de asa de sítula de Penadominga**



Soporte de asa de sítula conservado no Departamento de Prehistoria  
e Arqueoloxía da Universidade de Santiago



Soporte de asa de sítula de procedencia descoñecida  
(Fot. de Bouza Breu, op. cit.)

